

O desamparo da nenez protagonista no cincuentenario da edición de *Memorias dun neno labrego* de Neira Vilas: da pequena fosforeira a Balbino

The helplessness of the leading role childhood at the fiftieth anniversary of Neira Vilas' Memorias dun neno labrego publication. From The Little Match-Seller to Balbino

Laura CAVEIRO
Mercedes GONZÁLEZ VÁZQUEZ

lauracaveiro@hotmail.com
merce36203@yahoo.com

[Recibido, setembro 2010; aceptado, setembro 2010]

RESUMO

Neste artigo intentaremos facer unha aproximación ao desamparo infantil da nenez protagonista a través da figura de Balbino. Examinase unha problemática que foi motivo de crítica social na literatura de Castelao. Pártese como presuposto da expresión máxima do desamparo que simboliza a pequena fosforeira de Hans Christian Andersen. Diversas converxencias e diverxencias xorden na gradación desta situación para os protagonistas infantís. No 2011 conmemórase o cincuentenario da primeira edición de *Memorias dun neno labrego*, onde Neira Vilas retratou os trazos peculiares do desamparo infantil na Galicia rural da posguerra.

PALABRAS CHAVE: Desamparo, nenez protagonista, cincuentenario, *Memorias dun neno labrego*, Neira Vilas, a pequena fosforeira, Balbino.

CAVEIRO, L. e GONZÁLEZ VÁZQUEZ, M., (2011): "O desamparo da nenez protagonista no cincuentenario da edición de *Memorias dun neno labrego* de Neira Vilas: da pequena fosforeira a Balbino". *Madrygal (Madr)*, 14: 41-47.

RESUMEN

En este artículo intentaremos hacer una aproximación al desamparo infantil de la infancia protagonista a través de la figura de Balbino. Se examina una problemática que fue motivo de crítica social en la literatura de Castelao. Se parte como presupuesto de la expresión máxima de desamparo que simboliza la pequeña vendedora de fósforos de Hans Christian Andersen. Diversas convergencias y divergencias surgen en la graduación de esta situación para los protagonistas infantiles. En el 2011 se conmemora el cincuentenario de la primera edición de *Memorias dun neno labrego*, donde Neira Vilas retrató los rasgos peculiares del desamparo infantil en la Galicia rural de la posguerra.

PALABRAS CLAVE: Desamparo, infancia protagonista, cincuentenario, *Memorias dun neno labrego*, Neira Vilas, la pequeña vendedora de fósforos, Balbino.

CAVEIRO, L. y GONZÁLEZ VÁZQUEZ, M., (2011): "El desamparo de la infancia protagonista en el cincuentenario de la edición de *Memorias dun neno labrego* de Neira Vilas: de la pequeña vendedora de fósforos a Balbino". *Madrygal (Madr)*, 14: 41-47.

ABSTRACT

In this article we will try to make an approach to the child's helplessness of the leading role childhood through the figure of Balbino. A controversy that was the reason of a social criticism in Castelao's literature. It starts up as a

pre-assumption of the maximum expression of helplessness that symbolises “The Little Match-Seller” by Hans Christian Andersen. Several convergences and divergences arise in the rating of this situation for the main child’s characters. The fiftieth anniversary of the first edition of *Memorias dun neno labrego*, where Neira Vilas portrayed the peculiar features of the child’s helplessness in the postwar period of the rural Galicia, is commemorated in the 2011.

KEY WORDS: Helplessness, leading role childhood, fiftieth anniversary, *Memorias dun neno labrego*, Neira Vilas, The Little Match-Seller, Balbino.

CAVEIRO, L. and GONZÁLEZ VÁZQUEZ, M., (2011): “The helplessness of the leading role childhood at the fiftieth anniversary of Neira Vilas’ *Memorias dun neno labrego* publication. From The Little Match-Seller to Balbino”. *Madrygal (Madr.)*, 14: 41-47.

SUMARIO: 1. Introducción. 2. A presenza do factor autobiográfico. 3. Facés do desamparo. 4. Cincuentenario de *Memorias dun neno labrego*. 5. Conclusións. 6. Referencias bibliográficas.

1. INTRODUCCIÓN

A nenez en situación de desamparo como protagonista da narrativa leva unha carga de denuncia social que aflorou, con grande éxito de público, en reiteradas ocasións na literatura. Podemos citar os exemplos de autores tan coñecidos como Charles Dickens, ou Victor Hugo, pero centrándose este artigo na expresión literaria da nenez desvalida de Balbino e da pequena vendedora de fósforos, unicamente “Chamánbanlle a Marquesiña” de Castela será obxecto de atención aparte.

Escollemos neste traballo como primeira face do desamparo a de Balbino, protagonista de *Memorias dun neno labrego*, de quen no 2001 de conmemora o cincuentenario da primeira edición. E por idénticos méritos de éxito editorial na súa época e de denuncia da inxustiza a través dun protagonista infantil será a outra cara do desamparo a da pequena vendedora de fósforos do danés H.C.

Andersen. Historia, a deste conto da invernia, ben máis dramática e cruel, moi afastada da vida de Balbino no espazo e no tempo, por ser creacións de diferentes contextos sociohistóricos, pero que sen dúbida son as dúas caras infantís da mesma moeda.

2. A PRESENZA DO FACTOR AUTOBIOGRÁFICO

Nos diferentes estudos literarios adoita relacionarse a experiencia das amarguras dos protagonistas infantís coas biografías dos autores, no noso caso danés e galego¹.

Respecto ao conto de H.C. Andersen, o propio testemuño autobiográfico do escritor clarifica que o personaxe da nena que vende mistos e procura moedas pola rúa está directamente inspirado na vida da súa propia nai.

Eu era fillo único e bastante malcriado; pero oín de labios da miña nai que era moitísimo máis feliz do que ela o fora, que vivía coma o fillo dun conde. A ela botáranla da casa dos seus pais para que pedise esmola, e como non conseguira nada pasou un día enteiro debaixo dunha ponte, chora que chora. (Andersen 1999: 242).

Porén, a cuestión do peso do elemento autobiográfico en *Memorias dun neno labrego* aparece dotada de matices. Así nola presenta Corinne Son ao afirmar que

Se subraya la imposibilidad de considerar la obra que estudiamos como autobiográfica; se enfocará la terminología propuesta por Lejeune y, a partir de dicha teoría, se pondrá de relieve la inadecuación entre los nombres del protagonista y del narrador y se llamará la atención sobre las anécdotas contadas en el libro, que no son las que vivió el autor. (Son 2001: 58)

Resulta significativo desta mestura de feitos reais e ficción o feito de que tanto Basilio Losada (Losada 1973: 7) como a devandita Corinne Son (2001: 62) recollan expresamente a opinión de Manuel Fabeiro expresada nun artigo en “La Noche”²:

¹ Respecto a Neira Vilas vaian por diante as palabras que se lle dedican a esta cuestión no Dicionario da Literatura Galega III, coordinado pola profesora Dolores Vilavedra (2000: 305) “Moito se ten falado do autobiografismo desta e doutras obras de Neira Vilas quen sempre se mostrou contundente respecto desta cuestión, reivindicando o carácter ficticio dos feitos narrados, aínda que recoñecendo a xinea biográfica do ambiente e das circunstancias”

² “Veo en ti al niño Balbino. No creo que la historia de éste sea tu autobiografía; pero reconozco, sí, que son diversas biografías de conocidos tuyos, que tú centras y reúnes en un solo personaje”. Basilio Losada comenta o traballo do xornal, ao matizar que Fabeiro partía atinadamente da relatividade da esculca autobiográfica.

Máis alá vai o profesor Alonso Montero (2010: 19): “Sempre pensei que Balbino, no esencial, é un rapaz de Gres que se chamaba Xosé Neira Vilas”. E tampouco podemos esquecer o sinalado sobre *Memorias dun neno labrego* polo profesor Tarrío (1994: 343) “novela de clara (ou polo menos aparente) andadura autobiográfica na que, a través da visión dun neno que narra en primeira persoa, desenvólvese unha implacable crítica da sociedade adulta”. En todo caso a unanimidade en minimizar o peso da biografía de Neira Vilas no texto da novela é dominante³.

Pechamos este apartado coa propia voz de Neira Vilas no seu discurso do acto da súa recepción na Real Academia Galega. A esencia da súa novela fúndese coa esencia das vivencias da súa nenez, non coa súa biografía.

Nacín nunha aldea do val do Ulla, no seo dunha familia de campesiños pobres. A vivencia dos anos da nenez (que foron os da guerra e da posguerra) deixaron en min unha rebeldía e un afán de xustiza non só social senón tamén cultural, diante do abafío e o alleamento padecidos (Neira Vilas 2001: 16).

3. FACES DO DESAMPARO

As manifestacións do fenómeno social do desamparo na novela *Memorias dun neno labrego* e no conto da pequena fosforeira imos expoñelas resaltando as súas converxencias e diverxencias, nunha bicéfala descrición da falta de asistencia da nenez. O concepto de desamparo, como falta de asistencia á infancia tanto de tipo material como moral, quen de producir dorosas e ata irreversibles consecuencias, acada o nivel de paradigma no conto de Andersen. A gravidade é maior tendo en conta que a menos idade maior dano; a fame e a friaxe, por poñer as dúas pantasma omnipresentes, atacan con menor fereza a Balbino, quen podería ser xa case un preadolescente ao comezo da obra, pero cébanse nunha neniña que podería andar polos seis ou sete anos cando morre conxelada e esfameada na noitevella.

A pequena fosforeira, da que descoñecemos o nome como se dun personaxe do *nouveau roman* se tratase, o que fai medrar o seu aspecto simbólico, sofre un total desamparo moral, cousa que non sofre Balbino, moito máis afortunado a pesar da súa tristura. As penurias do neno labrego serían unha leve falta de desatención na carencia de elementos como a vestimenta ou a comida, falta nen sequera intencionada dunha clásica familia galega da posguerra⁴. Pola contra, arrepiá o intencionado delito de abandono e explotación infantil que se comete coa neniña.

3.1. CONVERXENCIAS E DIVERXENCIAS

A penuria material dará orixe á fame e á friaxe para os dous protagonistas, que a escaseza de roupa e calzado porá de relevo arreo. O que antes se fai notar en ámbolos dous relatos é que os nenos non teñen calzados. De Balbino sabémolo dende os primeiros parágrafos (Neira Vilas 2010: 33): “No verán ando descalzo. O po quente dos camiños fai-me alancar. Magóanme as areas e nunca falta algunha brocha para espetáreme nos pés”. Peor é o dela, que anda descalza en pleno Nadal, cos pés na neve, porque lle caeran as zapatillas que non eran do seu número, e ninguén se compadeceu ao vela, máis ben ao contrario

No medio daquel frío e daquelas tebras ía pola rúa unha meniña pobre coa cabeza descuberta e os pés descalzos. En realidade, saíra da casa en zapatillas, pero non lle servían (...) A cativa perdéraas ao cruzar a rúa a toda présa, as carruaxes pasaban a gran velocidade e non conseguira atopar unha das zapatillas, e a outra leváraa un rapaz” (Andersen 1999: 211).

En consonancia co calzado, estes nenos tampouco teñen moita roupa. E menos de abrigo. En principio, o pantalón de Balbino de cada día era negro (Neira Vilas 2010: 49) pero cada vez menos negro, porque as remontas e remendos sobrepostos eran do que cadraba. Dela só sabemos que no vello

³ Cada vez que se le ha preguntado a Neira Vilas si *Memorias dun neno labrego* equivalía a sus propias memorias ha contestado de forma negativa. (...) En la respuesta a nuestro cuestionario deja claro que: “este relato tiene muchas similitudes con mi vida real, si bien no es propiamente autobiográfico (Son 2001: 63).

⁴ No Volume I do Dicionario da Literatura Galega (1995: 403) coordinado pola profesora Vilavedra incídese nos dous aspectos claves, por un lado Neira escribe un grupo de novelas de protagonista infantil ambientadas en Galicia, entre as que se acha *Memorias dun neno labrego*, e por outro estas obras desenvolven o tema da formación do neno no medio labrego da posguerra, caracterizado pola miseria económica e cultural.

mantelo levaba un montón de mistos, e na súa cabeciña descuberta caían as folerpas (Andersen 1999: 211).

A sombra da fame é propia do contexto histórico de escaseza para as clases humildes, sexan a dunha cidade de finais do XIX, no caso do conto, ou da posguerra española no rural no caso da novela.

Na súa resposta ao discurso lido por Neira Vilas o día da súa recepción na Real Academia Galega incidese por Alonso Montero no tema da fame cunha fermosa hipérbole (2001: 24): “O pantrigo é unha obsesión, case un soño gastronómico”. A identificación de Balbino con tantos rapaces dos anos corenta plásmase tamén graficamente polo profesor: “Rapaces con zocos, co pantalón remendado e sen compango á merenda, Balbino e mais eu deveciamos por un anaco de pantrigo” (Alonso Montero 2001: 46). O soño do pantrigo de Balbino equivale ao ganso asado recheo de ameixas pasas e mazás para a fosforeira. Ao transcorrer a acción do conto na noitevella, a pequena vía luces nas ventás e sentía na rúa o gorentoso olor a ganso asado: ese ganso, que formará parte da súas alucinacións (Andersen 1999: 213), ao ir acendendo os mistos e mirar a ave patear polo chan.

Non só a fame será peor para ela, tamén o traballo. A pequena fosforeira non é que traballase: explotábaa a súa familia como vendedora ambulante e esmoleira. Vendía fósforos polas rúas da cidade, no medio do frío e das tebras. Ninguén lle comprara ningún misto en todo o día (Andersen 1999: 212), non conseguira nin unha moeda.

Ingrata, pero moito menos crúa⁵, resulta a tarefa de axuda nos labores agrícolas, ao carón da súa familia, que lle toca a Balbino. O neno labrego érguerse de madrugada ou de noite pecha para ir cogando restrebar ou xuntar monllos. (Neira Vilas 2010: 33), ou coidar o gando mentres cavila en irse para moi lonxe. Despois dun día enteiro arrendando patacas a Balbino dóenlle os cadrís.

Tamén coinciden Balbino e a pequena no seu ollar a morte cara a cara. Balbino afronta con madurez o loito imposto polo seu tío Braulio, ten diante o cadáver do seu padriño e vélaos cos veciños, tras mirar como o meten nun ataúde escu-

ro forrado de branco e lle cruzan as mans derriba do peito. (Neira Vilas 2010: 100); incluso fala de vagar sobre a morte con Serafin o enterrador. A fosforeira, non obstante, mira a morte, mesmo a súa propia, dulcificada polo lirismo de Andersen e o pensamento cristián da personaxe da súa defunta avoa. Esa avoa, inspirada naquela da que tanto fala o escritor na súa biografía⁶ é a única que trata ben a nena protagonista do conto, a mesma que lle aprendera que cando caía unha estrela era unha alma que subía cara a Deus.

O desamparo moral atinxe á contorna familiar, que non amosa comprensión cara á nenez protagonista dos relatos. Velái, tamén, graos. A Balbino sentirse incomprendido cáusalle tristura e soidade, pero dalgún xeito faino forte para dar pulo aos seus soños. Pode sentir medo cando está no monte pingando, atarecido, vendo por entre a chuvia un fantasma bretemoso en cada árbore. Non é nin parecido a desolación que experimenta, sen ser consciente dela, a fosforeira. Demasiado pequena para entender nada, quizais teña seis ou sete anos, só sente frío, fame e treme. Sentou na súas perniñas, pero seguía tendo cada vez máis frío. Estaba asustada e non se atrevía a volver para a casa: seu pai había bater nela (Andersen 1999: 212).

Teñen outravolta en común a pequena fosforeira e Balbino os malos tratos que sofren, as malleiras de cadanseu pai, pero vai ser diferente o final. Ela non quere volver á casa a noitevella por medo á malleira por non ter vendido un misto: engrúñase na rúa e morre conxelada tras ter alucinacións co que máis desexaba e quería. Balbino é maior, ten máis apoio familiar, arreponse, rebélase e marcha

Non sei ben o que pasou por min e pechei os ollos. Meu pai xemía mentres me arreaba coa corda no lombo, nas pernas, onde cadrase. Estordegoume o sangue. Caín dúas veces e volvinme erguer supetamente. Aínda tiven folgos para correr a onde estaba aquel lobo chamado “señor” e cuspirle na cara. (Neira Vilas 2010: 127).

Como en todo, leva a peor parte a pequena fosforeira, que nen sequera viviu o suficiente como para ter ido a unha escola. O neno labrego tivo a sorte de ter unha mestra como Eladia, aínda

⁵ A colaboración dos nenos nos labores agrícolas é considerada por Basilio Losada o detonante da madurez para a súa idade que presenta Balbino “os nenos da Galicia labrega son nenos madurados á forza e antes de tempo, nenos que comparten os traballos dos maiores” (Losada 1973: 9).

⁶ Será en “O conto da miña vida sen literatura” (1999: 243) onde podemos ler que a avoa paterna do escritor ía todos os días, aínda que só fose un instantiño, á súa casa para ver o seu neto, quen era a súa ledicia e a súa felicidade.

que antes aturase un mestre andaluz de criticables maneiras: “Don Alfonso era ruín. Explicaba pouco e zoscaba arreo. ¡Que maneira de mallar e de turrarnos das orellas! A madriña di que “a letra con sangue entra”, ou sexa que dá por ben feito o noso amolecemento a xostregadas”. (Neira Vilas 2010: 82)

Balbino de escasezas tamén sabía, pero chegou a ter un traxe feito polo xastre de Morás, e puido escoitar as gabanzas dos que a diario o viran esfarrapado (Neira Vilas 2010: 114). A súa tempada de sancristán deulle un certo status material dentro da súa modestia. Pero, sen entrarmos neste artigo na cuestión de xénero en relación coa feminización da pobreza, encadraremos as arrepiantes condicións de vida da Marquesiña fronte ás da protagonista do conto de Andersen.

O da pequena fosforeira é pura dor. Non recibiu nunca nin amizade nin xenerosidade. Bótase en falta unha alma xenerosa que axude, un amigo de verdade como Lelo de Cidre, ou ata un can agarimoso como Pachín. As graves carencias familiares e materiais da nena provocaron que a súa imaxinación, cada vez que prendía un fósforo, lle fíxese ver aquilo que máis desexaba. Tivo alucinacións coa calor dunha morna estufa, cunha mesa chea de manxares, e cunha adornada árbore de nadal. Por último, coa persoa á que máis quería, a súa avoa. A pesar de tanta aflición, a historia resiste ben o paso do tempo e segue a gozar de lectores grazas a altura literaria que Andersen soubo darlle. Outro tanto acontece co relato que protagoniza Balbino, que se percibe como auténtico e vivido por toda unha xeración de nenos da posguerra, e sentido como verdadeira memoria do pasado polas seguintes xeracións. Velái que asimesmo segue a gozar de moitos lectores estoutra face do desamparo.

3.2. ESPECIAL REFERENCIA Á “MARQUESIÑA” DE CASTELAO

Se traemos aquí a *Marquesiña* que Castelao nos describe en *Cousas*⁷ é porque dela, outra face das moitas que pode ter o desamparo infantil protagonista literario, pode predicarse a mesma validez de documento sociohistórico que de Balbino

non perde actualidade literaria pese a perder, en boa parte, a súa condición de documento sociohistórico, pois, certamente, a aldeia de hoxe, en non poucos aspectos, está moi lonxe da aldeia que Balbino e Neira Vilas viviron –e padeceron– hai sesenta anos (Alonso Montero 2001: 44)

Convén reparar na contundencia da versión do abandono que Castelao nos ofrece, pola semellanza en idade, desgraza e delicadeza á pequena vendedora de mistos. Outravolta o leit motiv dos pés descalzos, nus, destas pequenas, que o din todo da súa condición social: os peños da Marquesiña endexamais se calzaron (Castelao 2010: 15). De novo o traballo ou explotación infantil, dunha nena que neste caso vai á fonte e depelica patacas. Non falta a denuncia da carencia dunha educación, esta nena tampouco foi á escola “por non ter chombra que pór”. E finalmente a fame, unha soña cun ganso que cheira na noitevella e a outra non probou máis lambetadas que unha pedra de zucre.

Fáltalles a ambas calzado, roupa, casa confortable e comida, e unha familia que se ocupe delas. O danés descríbemos o fogar ao que non se atrevía a volver porque non vendera nin un só misto: “na casa tamén ía frío, non tiñan máis ca un tellado por riba da cabeza e o vento entraba soprando, aínda que os laños máis grandes estaban tapados con palla e farrapos” (Andersen 1999: 212).

O xenio de Castelao intensifica e connota, cando menos é máis, vai máis alá. Remata co arreguizo da denuncia social, a pobreza dunha nai sometida á clase social dominante. O Marqués ben podía ser o señor que arrepiaba a Balbino, o pai de Manolito. Con eclipse e xogo acusador espeta “A súa nai é tan pobre que traballa de xornaleira na casa do Marqués. ¡E aínda lle chaman a Marquesiña!” (Castelao 2010: 15).

4. CINCUENTENARIO DE MEMORIAS DUN NENO LABREGO

Hai case corenta anos que Basilio Losada (1973: 7) albiscaba onde residía o especial engado de *Memorias dun neno labrego*, da que no 2011 se conmemora o cincuentenario da súa publicación: “Nunha literatura coma a nosa, propensa sempre á

⁷ No volume III do Dicionario da Literatura Galega (2000: 113) dise que son especialmente populares as protagonizadas por nenos, como a Marquesiña ou Panchito, quizais por representaren un dos grupos sociais que máis agudamente padecían daquela a situación de subdesenvolvemento de Galicia.

fluxada da realidade –poida que porque a realidade ben pouco ten de gasalleira– Neira Vilas comprendeu que entre o compromiso e a evasión o campo é amplo dabondo para quen ten algo que dicir”.

Con motivo da inauguración da Biblioteca de Autor que leva o nome de Xosé Neira Vilas recapitula o escritor e editor Víctor Freixanes nun limiar á nova edición de *Memorias dun neno labrego* (2010: 9-12) os 50 anos que pasaron dende a primeira: non se esquece de que o pintor Luís Seoane deseñara en Buenos Aires⁸ a capa da primeira edición de 1961; destaca que se recolle o *proemio* que Alonso Montero escribira no 1999, reproducíndoo tal como se publicara daquela; lembra que as cifras que se dan nese *proemio* están superadas porque xa van 30 edicións en lingua galega, sen contar as traducións; e que van en total arredor de 600.000 exemplares publicados, o que fai deste título un dos primeiros best-sellers das nosas letras. Afirma desta novela que é “Acaso o libro máis popular da historia da nosa literatura contemporánea”.

Será no revisitado “Proemio á vixésima edición” de 1999 onde lembre Alonso Montero (2010: 13-28) que a novela foi publicada por vez primeira pola Editorial Follas Novas, que fundaran Neira Vilas e a súa muller a escritora Anisia Miranda. Máis tarde, sairá a segunda edición en Edicións do Castro, será a primeira feita en Galicia, con prólogo do profesor Alonso Montero datado en abril de 1968, e enriquecida coas ilustracións de Isaac Díaz Pardo. Non dubida o autor do proemio de que está a escribir, unha vez máis, sobre un clásico⁹ da nosa narrativa. Condición de clásico que atesoura polos moitos e diversos méritos que constata, sen esquecer que a crítica teña dedicado a *Memorias dun neno labrego* “valiosas páxinas de recoñecemento desde os libros de María Lucas (1977), Dolores Vilavedra (1990) e Xesús Rábade Paredes (1992)”.

5. CONCLUSIÓNS

Tanto a pequena vendedora de fósforos como Balbino son dous exemplos diferentes da situación de desamparo con moito en común no seu papel de

nenos protagonistas literarios. Son os dous inesquecebeis retratos dunha época, por sufrir a dureza dunha cidade nórdica no XIX e a dunha aldea galega na posguerra, polo que tanto a pequena vendedora de fósforos como Balbino convértense en personaxes símbolos. Aínda máis, chegan a ser, polo indiscutible éxito destas narracións, auténticas iconas. Portan neles mesmos a esencia da nenez desvalida, con distintos percorridos vitais, pero con idéntica formulación de denuncia da inxustiza.

O seu maior e común valor, é sen dúbida, a denuncia desa inxustiza a través da literatura. Diverxen os distintos contextos de época e de lugar (medio rural de Balbino versus urbano da fosforeira), así como na gradación da pobreza, extrema para a protagonista do conto. Ambos os dous protagonistas infantís son vítimas das desigualdades sociais, aínda que a diferente resolución deste conflito culmine nun terrible final pechado coa morte para ela e nun aberto final, senón feliz si esperanzador, para Balbino.

A narración de Neira Vilas, afastada da radicalidade do texto de Andersen, responde perfectamente ao ton dunha novela equilibrada, que non ten como eixo central o desamparo do neno labrego protagonista, senón que ofrece un fresco ou mural da sociedade galega da posguerra. aínda que a fame, o frío, a escaseza, as malleiras na casa, a soidade, a incompreensión, os traballos no campo..., sexan presenza vertebradoras da arquitectura da narración e se visibilicen de principio a fin da diéxese.

Das distintas variantes nas que se pode manifestar o desamparo sobre a nenez protagonista, algunhas, poñemos por caso a violencia, cobran en momentos determinados un papel preferente, como na brutal malleira do pai a Balbino diante do señor, ou a morte por conxelación da fosforeira na rúa. A mestría dos autores estremece ao lector, tanto se atendemos ao realismo e autenticidade de Neira Vilas como ao romanticismo exacerbado e imaxinativo de Andersen, cadaquén fiel á representación da súa época.

A rebeldía e fluxada de Balbino resultan atractivas como contrapunto á resignación cristiá do con-

⁸ Da importancia desta cidade na cultura galega da época da fe o título do discurso de entrada na RAG de Neira Vilas “A cultura galega en Buenos Aires: 1950-1960” onde (2001:11) confesa que alí asumiu de por vida a lingua galega para toda creación e comunicación.

⁹ O profesor Alonso Montero (2001: 42) na súa resposta ao discurso lido por Xosé Neira Vilas no acto da súa recepción na Real Academia Galega repara en que “Títulos moi valiosos e entrañables compoñen o sistema narrativo de Neira vilas, páxinas nas que a infancia, a aldea e a emigración atopan cálida e reveladora expresión. Tales páxinas constitúen un universo poético único, na riqueza e na emoción, no discurso literario galego.”

to de Andersen, polo que supón de digna saída á situación denunciada. Eso non mingua que cada face protagonista, a da pequena vendedora da fósforos e a do neno labrego, dende cadansúa perspectiva de cada período histórico no que foron creados, amosen a conciencia social fronte a un mal que cambia de cara e se transforma: o desamparo da nenez.

6. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO MONTERO, Xesús (2001): *Resposta do Excelentísimo Señor don Xesús Alonso Montero ao discurso lido o día 17 de novembro de 2001, no acto da súa recepción, polo Ilustrísimo Señor Don Xosé Neira Vilas*. A Coruña: Real Academia Galega.
- (2010): “Proemio á vixésima edición”, en Neira Vilas, X., “*Memorias dun neno labrego*”. Vigo: Galaxia [1ª edición en Biblioteca Neira Vilas].
- ANDERSEN, Hans Christian (1999): *Contos de Andersen*. Vigo: Xerais.
- CASTELAO, Alfonso Daniel (2010): *Cousas*. Vigo: Galaxia.
- FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor (2010): “Limiar á edición na biblioteca de autor Neira Vilas”, en Neira Vilas, X., “*Memorias dun neno labrego*”. Vigo: Galaxia [1ª edición en Biblioteca Neira Vilas].
- LOSADA CASTRO, Basilio (1973): “Presentación innecesaria de Neira Vilas”, en Neira Vilas, X., “*Remuíño de sombras*”. Vigo: Edicións Castrelos.
- NEIRA VILAS, Xosé (2001): *A cultura galega en Buenos Aires: 1950-1960. Discurso lido o día 17 de novembro de 2001, no acto da súa recepción, polo Ilustrísimo Señor Don Xosé Neira Vilas*. A Coruña: Real Academia Galega.
- (2010): *Memorias dun neno labrego*. Vigo: Galaxia [1ª edición en Biblioteca Neira Vilas].
- SON, Corinne (2001): *Xosé Neira Vilas y Memorias dun neno labrego. Acercamiento a la novela gallega más popular de la segunda mitad del siglo XX*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- TARRÍO VARELA, Anxo (1994): *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica*. Vigo: Xerais.
- VILAVEDRA, Dolores (2000): *Diccionario da Literatura Galega*. III Obras. Vigo: Galaxia.